

UN E SETE

Texto de GIANNI RODARI

Ilustracións de BEATRICE ALEMAGNA

Tradución de CARLOS ACEVEDO

Encadernado en cartón. 20 x 30 cm. 30 páx. 17 €

Un e sete (galego)

ISBN 978-84-8464-631-0. Álbum ilustrado. Tras os montes.

Uno y siete (castelán)

ISBN 978-84-1343-300-4. Álbum ilustrado. Clásicos contemporáneos.

U i set (català)

ISBN 978-84-16804-37-5. Àlbum iIllustrat. Clàssics contemporanis.

Bat eta zazpi (euskara)

ISBN 978-84-9172-012-6. Album irudidunak. Gaur egungo klasikoak.

Um e sete (português)

ISBN 978-989-749-095-8. Álbum ilustrado. Clássicos contemporâneos.

Cofecín unha vez un rapaz que era 7 rapaces ao tempo.

Vivía en Roma, chamábase Paolo e o seu pai traballaba nos tranvías.




Pero tamén vivía en París, chamábase Jean e o seu pai traballaba nunha fábrica de coches...

Un relato esperanzador sobre a infancia, a tolerancia e a diversidade como antidotos contra a violencia e a guerra.

De Roma a Bos Aires, de Moscova a Shanghai... o protagonista de «Un e sete» está en calquera das grandes cidades ou vilas do mundo, son moitos os oficios que se exercen na súa familia, moitas as habilidades que practica e as linguas nas que fala. Este clásico dos «Contos por teléfono» de Gianni Rodari é un canto á diversidade, á variopinta riqueza da humanidade; unha reivindicación da diferenza na igualdade e sobre todo, un manifesto pacifista e antibelicista.

Cun texto sinxelo pero de gran calado literario e xogando coa simboloxía do número sete, o autor recorre a fórmulas que, como a estrutura repetitiva, reforzan a oralidade, tratándose dunha obra escrita para ser contada.

As ilustracións de Beatrice Alemagna danlle protagonismo á infancia: os trazos esquemáticos buscan a identificación co debuxo propio das primeiras idades. Son imaxes de intenso colorido, marcadas texturas e aplicacións de papel a modo de colaxe nas que contrasta o aspecto saturado dos espazos urbanos coa luminosidade da natureza.



- **Temática:** a diversidade e a convivencia nun mundo en paz.
- **Idade recomendada:** a partir de 5 anos.
- **Aspectos destacables:** infancia, multiculturalidade, paz, tolerancia; oficios; cidades do mundo; do autor de «[Confundindo historias](#)», «[Inventando números](#)», «[Que fai falta?](#)», «[Contos por teléfono](#)», «[Axente x.99. Contos e versos do espazo](#)», «[Gelsomino no país dos mentirás](#)», «[Era dúas veces o barón Lamberto](#)» e «[Gramática da fantasía](#)»; da ilustradora de «[Lotta](#)» (KALANDRAKA).
- **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/un-e-sete-g>

Gianni Rodari

(Omegna, Lombardía, 1920 - Roma, 1980)

Político, xornalista, pedagogo e escritor. Recibiu o Premio Andersen en 1970. Graduouse en Maxisterio en 1937 e traballou impartindo clases particulares. Vencellado ao Partido Comunista Italiano dende 1944, colaborou con numerosos xornais, entre os que destacan L'Ordine Nuovo -do que foi director- e L'Unità, desenvolvendo en ambos os dous a súa paixón pola literatura infantil, ademais de participar na fundación de varios diarios, revistas e semanarios. «Contos a máquina», «Contos por teléfono» e «Contos para xogar» son algunhas das súas obras mestras. A partir das visitas a escolas e do traballo coa infancia escribiu «Gramática da fantasía» (1973), a súa grande achega á pedagogía contemporánea.

<http://www.giannirodari.it>

Beatrice Alemagna

(Boloña, 1973)

Estudou Deseño Gráfico e Fotografía no Istituto Superiore per le Industrie Artistiche de Urbino. En 1996 gañou o seu primeiro premio, ao que seguiron numerosos recoñecementos: Andersen (2004 e 2010), mención especial 2007 e premio extraordinario 2022 da Feira de Boloña, Medalla de Ouro 2017 da Asociación de Ilustradores de Estados Unidos, Gran Premio 2017 do Museo de Ilustración de Moulins, Premio Letteratura Ragazzi di Cento 2021, Grande Ourse 2023 do Salón do Libro de Montreuil... Foi seleccionada en varias ocasións ao Memorial Astrid Lindgren e os White Ravens. A súa obra expúxose en cidades de todo o mundo.

<https://www.beatricealemagna.com/>